



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O
DÍA NOVE DE FEBREIRO DO DOUS MIL SEIS.**

ASISTENTES

ALCALDE-PRESIDENTE

D. Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS

D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, D. José Luis Docampo Fortes, D. Rafael Luis Fernández Amor, D. César Ricardo Naval Parapar, D^a. María Rebeca Fernández Martínez, D^a. Ana María Basanta Tojo, D. José Antonio Goás Basanta, D. César Aja Mariño, D. José Joaquín Gayoso Roca, D. Guillermo Leal Arias, D. Justo Vicente Vázquez Chao, D. Antonio Solla Díaz, D^a. Marta Pérez Lage, D^a. Rosario Canoura Labayén, D. Antonio José Bouza Rodil e D. Orlando Expósito Mariño.

SECRETARIA

D^a. Sara Martínez Álvarez

INTERVENTOR

D. Fidel García Martul

Na Casa do Excmo. Ayuntamiento de VIVEIRO, sendo as vinte horas e trinta minutos do día nove de febreiro do dous mil seis, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria, D^a. Sara Martínez Álvarez, así como a do Interventor, D. Fidel García Martul, celébrase sesión ordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde, declárase aberto o mesmo.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS EXTRAORDINARIAS CELEBRADAS OS DÍAS 15 E 30 DE DECEMBRO DO 2005.

Polo Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, pregúntase aos Sres. Concelleiros se teñen algunha rectificación ou aclaración que facer ao acta da sesión extraordinaria celebrada o día 15 de decembro do 2005,

e ao non producirse ningunha o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete), acorda prestarlle a súa aprobación.

A continuación, polo Sr. Alcalde se pregunta aos Concelleiros se teñen algunha obxección ou puntualización que facer á acta da sesión extraordinaria celebrada o día 30 de decembro do 2005, e non producíndose ningunha, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda prestalle a súa aprobación.



2º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE INSTADO POLO GRUPO “VIALMAR, S. L.”, PARA ORDENACIÓN DE VOLUMES EN FINCA SITA EN MAGAZOS.

Polo Sr Alcalde dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras e Medio Ambiente na sesión celebrada o día 7 de febreiro do 2006, indicando, a seguir, que o presente expediente comezouse a tramitar no ano 2004; retirándose polo promotor para facer unhas modificacións esixidas polo Organismo competente da Xunta de Galicia e sinalando que o que este instrumento promove é a edificación de duascentas noventa e seis vivendas, máis un hotel que se proxecta acondicionar no chalet de Salgueiro.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcense as seguintes:

O Voceiro do PP, D. César Aja Mariño, comeza a súa intervención dicindo que analizado detidamente o documento do Estudo de Detalle non concorda coas previsións do PXOM para a zona e que outro documento redactado, durante o mandando do actual equipo de goberno, reduce a zona urbana e se califica como construción en ringleira, para continuar lembrando que no ano 2001, na sesión celebrada o día 30 de novembro nunha intervención do Voceiro do BNG, no punto de dación de conta de Resolucións da Alcaldía sobre a aprobación dun Estudo de Detalle de Ramón Salgueiro, consideración que le, textualmente, e dí: “ ... a intervención do voceiro do BNG, D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, que se refire ao Decreto de data 2 de outubro, de aprobación inicial do Estudo de Detalle , presentado por D. Ramón Salgueiro e redactado polo estudio MONSA, e recordando que a primeira das suxestións presentadas ao Avance do P.X.O.M., presentada polo citado Sr. Salgueiro, facía referencia a esa cuestión; acordándose desestimar a devandita suxestión. Polo que foi grande a súa sorpresa ante este Decreto, máxime tendo en conta a superficie que resultaría afectada por todo isto, entende que debería paralizarse...”

Indicando, seguidamente, que o promotor Sr. Salgueiro desistiu da tramitación de dito Estudo de detalle, e que cómpre ter en consideración o agravio comparativo do actual Estudo respecto ao citado, e tamén o impacto dos edifícios tan próximos a Piago; polo que consideran se debería redefinir e estudar máis a proposta. Sinalando, finalmente, que aínda que é certo que o PP tamén aprobou inicialmente o Estudo de detalle anterior trataba de conciliarlo co PXOM que se estaba a redactar daquela.

Polo Sr. Alcalde respóndese que senón se equivoca, a finca onde se atopa “Mobles Hermida” estaba protexida polo PXOM e non obstante, nela se construíu, polo que na tramitación deste Estudo de detalle non van a facer máis caso que da normativa urbanística en vigor e lembra, a seguir, que a primeira tramitación do promotor do Estudo de Detalle “Vialmar” data do 30 de xullo do 2004. Indicando que non houbo alegacións e que conta co informe favorable da Dirección Xeral Urbanismo e que sen dúbida vai causar gran impacto, pero a normativa o permite; polo que, o grupo de goberno sen ser partidario dun urbanismo deste tipo, teñen que darlle trámite e autorizar o expediente que conta cos informes preceptivos e os pronunciamentos favorables dos órganos competentes.

Polo voceiro do BNG, Francisco Luis Rodríguez Guerreiro indícase ao voceiro do PP, D. César Aja Mariño, que o que este cita da sesión de 30-11-2001 se trata de dous escenarios totalmente diferentes, destacando a tramitación efectuada no estudio de detalle do que se propón a súa aprobación definitiva, do que, dí, se dictaminou en varias Comisións Informativas, citando a seguir o artigo 73 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, que establece que en ningún caso poderán: alterar o destino do solo, incrementar o aproveitamento urbanístico, reducir ou modificar as superficies destinadas a viais ou espazos públicos, aumentar a ocupación do solo, infrinxir outras limitacións... preguntándose a continuación: ¿Que pasaría se se de-



negara a aprobación pola Corporación?, engadindo que non se poden basear en meras opinións, xa que compre fundamentar legalmente unha desestimación, pedindo finalmente se lle indique si se pode razoar un voto negativo e nese caso unha desestimación deste Estudo de detalle.

O Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño interven para dicir que a Corporación xa coñece o reacio que é aos estudos de detalle, pero que neste caso despois de todo o proceso seguido non entende porque se vai a denegar, independentemente de que considera que outros estudos de detalle pasaron polo Pleno con bastante precariedade, sinalando a seguir que tamen el se pregunta polo PXOM, que pretendía algo mellor, aínda que engade el indicou nunha ocasión a razón pola que o Pepri non se prolongaba ata Piago, non entendendo porque se cita o PXOM que non existe.

Nunha breve intervención do voceiro do BNG, D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro sinala que na súa intervención fixo unhas preguntas que aínda que sexan retóricas lle gustaría se contestaran polo PP, preguntando igualmente a razón pola que non dín as cosas nas Comisións Informativas cando se dictaminan os asuntos.

Obrando no expediente os informes técnicos e xurídicos preceptivos, como non se producen outras intervencións, se procede a efectuar a votación; e o Pleno da Corporación, por nove votos a favor (PS de G-PSOE, BNG e IU-EU), o que supón a maioría absoluta do número legal de membros (dezasete) e oito en contra (PP), acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o Estudo de Detalle promovido polo Grupo “Vialmar, S. L.” para ordenación de volumes nunha finca sita no lugar da Capela, parroquia de Magazos, Viveiro, consonte ao proxecto redactado por “Monsa Urbanismo, S. L.”.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Obras e urbanismo para a publicación do mesmo no diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia, publicándose ademais neste último, a normativa incluída no devandito Estudo, comunicandoo igualmente, á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e dándosele traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do Estudo de Detalle, dilixenciados pola Secretaría.

3º.- PROPOSICIÓN DO PP SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN ÁS PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENZA.

Dáse lectura da proposición polo Concelleiro do PP, D. Antonio José Bouza Rodil.

Aberta a quenda de intervencións prodúcense as seguintes:

A do Sr. Alcalde-Presidente, D. Melchor Roel Rivas que indica que o Grupo do PS de G-PSOE se vai a abster, porque o PP xa tivo a oportunidade para unha iniciativa dese carácter cando estaba a gobernar e que ademais se trata dun anteproxecto, non estando en contra de que se fagan chegar suxestións durante o trámite do proxecto de Lei pero non o que lles parece unha proposición para estar no candeiro, citando seguidamente o Pacto Local e o acercamento ás Corporacións Locais de Galicia manifestado polo Goberno da Xunta, incluíndo a reordenación dos Servizos Sociais.

A do Voceiro do BNG, D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro que enumera cinco razóns que, textualmente, dín:

“1.- Por primeira vez temos un goberno na Xunta de Galiza que está a defender en Madrid os dereitos das persoas galegas en situación de dependencia, en base aos seguintes criterios preferentes a ter en conta na memoria económica, para garantir unha adecuada atención:

-Envellecemento poboacional,



-Dispersión xeográfica,
-Punto de partida (escaseza de recursos actuais) totalmente deficitario por mor da política dos 16 anos de goberno do PP, e
-Débeda histórica con Galiza no ámbito dos servizos sociais dos diferentes gobernos centrais.

2.- O BNG tanto dende o goberno da Xunta (Vicepresidencia) como dos seus representantes nas Cortes do Estado está a defender os intereses dos galegos e galegas individual e colectivamente, así como a participación dos concellos.

3.- Defensa da non invasión das competencias das Comunidades Autónomas, algunhas das cousas que pide o PP na súa moción ten que desenvolverlas a Xunta de Galiza. (Neste punto é interesante introducir a necesidade dun novo Estatuto de Nación para Galiza que dé resposta as necesidades dos galegos e galegas.

4.- A moción en todo caso defenderá a necesidade de contar coa FEGAMP.

5.- A moción é oportunista e preséntase a destempo. Ao PP nunca lle interesou o tema nin dendo o goberno central nin desde a Xunta de Galiza.

Por todas estas razóns coidamos que a posición de voto debe ser a **abstención.**”

A do Concelleiro de IU_EU, D. Orlando Expósito Mariño, que dí vai a apoiar esta proposta porque considera que os representantes dos Concellos teñen que dicir algo; e que o feito de que non apareza a FEMP, pódese subsanar.

Polo Voceiro do PP, D. César Aja Mariño exprésase a aceptación da suxestión do Concelleiro de IU-EU, relativa á mención da FEMP na proposta.

Non habendo outras intervencións procédese a efectuar a votación, e o Pleno da Corporación por maioría de nove votos a favor (PP e IU-EU) e oito abstencións (PS de G-PSOE e BNG), acorda aprobar a proposición do Grupo do Partido Popular, incluíndo a mención ao papel da Federación Española de Municipios e Provincias, que dí:

“PROPOSICIÓN

El día 23 de diciembre de 2005, el Consejo de Ministros aprobó un informe sobre el Anteproyecto de Ley de promoción de la autonomía personal y atención a las personas en situación de dependencia.

La aprobación de esta iniciativa debe relacionarse con el Pacto de Toledo, que incluyó el compromiso unánime de todos los Grupos políticos para dar solución a los problemas de las personas dependientes y de sus familias.

Es evidente que la protección social de las personas dependientes viene siendo ya objeto de positivas actuaciones por parte de las Entidades Locales y de las Comunidades Autónomas y que estas son una buena base para seguir avanzando en un ámbito tan sensible para el bienestar de los ciudadanos.

El Anteproyecto de Ley, aprobado por el Gobierno de la Nación, necesita mayor concreción de modo que, cuando se apruebe el Proyecto correspondiente, queden regulados de modo específico los nuevos derechos a favor de las personas dependientes, se definan las herramientas de gestión del nuevo Sistema Nacional de Atención a la Dependencia, se garantice su funcionamiento en régimen de igualdad en todo el territorio nacional y su plena sostenibilidad financiera a medio y largo plazo.



Para contribuir a la estabilidad de la atención a las personas se considera muy positivo que se alcance un Pacto de Estado sobre Dependencia.

Por ello, se somete a la consideración del Pleno la aprobación de los siguientes acuerdos:

PRIMERO.- Que se reconozca el papel de los Ayuntamientos en la atención a la dependencia y su esfuerzo por mantener estos programas, pese a sus dificultades de financiación.

SEGUNDO.- Se valora positivamente la experiencia de los Ayuntamientos en esta materia por ser la Administración más cercana al ciudadano, aunque es necesario ampliar y mejorar su actuación con prestaciones y servicios de calidad en función de las necesidades actuales y futuras de quienes se encuentran en situación de dependencia.

TERCERO.- Se respalda la elaboración y aprobación, cuanto antes, de una Ley que favorezca la promoción de la autonomía personal y atención a las personas en situación de dependencia y la implantación de un Sistema Nacional de la Dependencia efectivo, funcional y sostenible.

CUARTO.- Que esta Ley de promoción de la autonomía personal y atención a las personas en situación de dependencia se apruebe en base a un gran Pacto de Estado en cumplimiento de los compromisos de 2003 del Pacto de Toledo.

QUINTO.- Se manifiesta que el Anteproyecto de Ley, en su redacción actual, no asegura el derecho básico a la protección de las personas en situación de dependencia, ni la Cartera de Servicios, ni un instrumento de valoración único para todo el territorio nacional, y por ello, precisa de una mayor concreción en estas cuestiones fundamentales:

- a. Garantizar el derecho básico a la protección de las personas en situación de dependencia.
- b. Garantizar una Cartera de Servicios básicos aplicables en todo el territorio nacional.
- c. Garantizar un instrumento de valoración único y homogéneo en todo el territorio nacional.
- d. Garantizar la participación de las Comunidades Autónomas y las Entidades Locales en el Consejo Territorial, similar al Consejo Interterritorial
- e. Garantizar una financiación suficiente y sostenible por parte de los Presupuestos Generales del Estado, de modo que se garantice la equidad, la cohesión social y la solidaridad interterritorial

SEXTO.- Se solicita someter el citado Anteproyecto a la valoración de la Federación Española de Municipios y Provincias, de modo que este órgano pueda incorporar cuantas propuestas crea convenientes de cara a la aprobación de la Ley y la implantación de un Sistema Nacional de Atención a la Dependencia.”

4º.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA.

O Sr. Alcalde dá conta dos Decretos asinados dende o último Pleno ordinario, os cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete) acorda darse por informado dos Decretos da Alcaldía.

5º.- ASUNTOS URXENTES.

Polo Sr. Alcalde, antes de pasar á quenda de rogos e preguntas, de conformidade co disposto no artigo 91.4, do R.O.F, maniféstase a súa intención de someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, dous asuntos que non figuraban na Orde do día da Sesión, que son os seguintes:



“1º.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN, A TÍTULO GRATUITO, DE TERREO EN ESCOURIDO, EFECTUADA POR D. ANTONIO BERDEAL PÉREZ.

2º.- APOIO Á INICIATIVA DO CONCELLO DE LOURENZA PARA MODIFICACIÓN DE NORMATIVA ESTATAL DE PLANTACIÓNS FORESTAIS.”

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), acorda a inclusión na Orde do día dos ditos asuntos.

1º.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN, A TÍTULO GRATUITO, DE TERREO EN ESCOURIDO, EFECTUADA POR D. ANTONIO BERDEAL PÉREZ.

Polo Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas dáse conta de que pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras e Medio Ambiente, celebrada o día sete de febreiro de dos mil seis dictaminouse favorablemente a aceptación da cesión gratuita a este Concello dun terreiro situado no lugar de Escourido, parroquia de Covas, por D. Antonio Berdeal Pérez co fin de colocar unha fonte pública no dito lugar de acordo coa petición por escrito feita pola Asociación de vecinos Xuntanza de Covas.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación por unanimidade dos seus membros, acorda aceptar a D. Antonio Berdeal Pérez a cesión gratuita do terreiro cunha superficie de 148,00 metros, situado no lugar de Escourido, parroquia de Covas, para a instalación dunha fonte pública que redunde en beneficio de todos os vecinos e particularmente dos desa Parroquia, previos os trámites que sexan preceptivos.

Comunicar o presente acordo á Funcionaria encargada do Departamento de Estatística para a súa tramitación.

2º.- APOIO Á INICIATIVA DO CONCELLO DE LOURENZÁ PARA MODIFICACIÓN DE NORMATIVA ESTATAL DE PLANTACIÓNS FORESTAIS.

Polo Sr. Alcalde dáse conta de que polo Comisión informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras e Medio Ambiente celebrada o día sete de febreiro de dos mil seis, dictaminouse favorablemente o apoio á iniciativa do Concello de Lourenzá adoptado polo Pleno dese Concello nunha sesión celebrada o día 22 de agosto do 2005, cara a instar unha modificación da normativa de carácter estatal relativa á regulación das plantacións forestais en terreos agrícolas próximos ás parcelas nas que os usos sexan distintos aos forestais, ou a transferencia á Xunta de Galicia desta competencia..

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (desásete), acorda:

PRIMEIRO.- Apoiar a iniciativa do Concello de Lourenzá para instar a modificación da normativa estatal reguladora das plantacións forestais en terreos agrícolas próximos a parcelas nas que os usos sexan distintos aos forestais, ou transferir dita competencia á Comunidade Autónoma de Galicia ou administración doutro rango.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Lourenzá, así como á FEMP, FEGAMP, Xunta de Galicia, Deputación Provincial e ao Ministerio de Agricultura.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Polo Concelleiro do PP, D. Antonio Solla Díaz, formúlase a seguinte pregunta:



¿Solicitouse á Xunta de Galicia a suspensión do outorgamento das licenzas de obra?.

O Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, resposta que dado que non se cumpriron os catro anos da última suspensión, non se pode, de momento, tomar esa decisión, indicando que faláron coa Xunta de Galicia para que quedaran fora da suspensión de licenzas, os espazos definidos no PEPRI do Casco Antigo, no de Valdeflores e os núcleos rurais delimitados, así como o Solo Industrial. Engandindo que van a celebrar unha reunión para tratar de dar unha solución e non ter que aplicar a normativa municipal que está en vigor e puntualizando que fixeron o anuncio porque desexan ocasionar o menor prexuízo posible e que a Comisión de Obras o dictamine.

Polo Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño fórmulanse os rogos e preguntas seguintes:

¿Que se vai facer cós vertidos de cambios de aceite que se están a realizar en ocasións na carreteira de acceso ao cemiterio de Celeiro?

Polo Sr. Alcalde-presidente respóndase que o comunicará á Policía Local.

¿Cando se van a retirar os eucaliptos caídos no río Landro?; indica a eguir que esta pregunta xa a formulou noutra sesión.

Rogo.- Se trate de solucionar o fundamento da soleira na rúa de Alonso Pérez, parte traseira do edificio onde se atopa La Voz de Galicia, que está a producir unha impresión desfavorable e pode supoñer perigo.

¿Qué se vai facer coa casa que se atopa en ruínas nun cruce de rúas en Celeiro?

O Sr. Alcalde resposta que de non derrubase polo propietario procederá o Concello a executar o dito derrubamento, sinalando que cando hai procesión se retiran as estadas colocadas polo que pode representar máis perigo.

Rogo.- Se arranxen os accesos á Atalaya, así como as beirarrúas de Xunqueira a Magazos, indicando a seguir que o camiión de limpeza da empresa concesionaria ocasionou desperfectos.

O Sr. Alcalde-presidente sinala que o día catorce visitará o Concello o Director das obras que executa a empresa Copasa, así como o da Xunta de Galicia, puntualizando a seguir que se lle advertiu ao Hiper Carry dos deterioros ocasionados polos camiións de reparto que subministran a dita Empresa cando efectúan a manobra de xiro sobre a beirarrúa.

E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as vinteunha horas e vinte minutos, estendéndose de todo o tratado a acta, da que eu, Secretaria, dou fe.